




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Municipio: Poio. Parroquias: San Xoán de Poio ao norte e San Salvador de Poio ao sur. Extensión: 0,96km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Vertente costeira con fachada acantilada rochosa de potencia media na prolongación litoral do Monte de Lourido e áreas sedimentarias nos seus flancos compostas polas praias de Polvorín e de Campelo. Tamén hai que mencionar a presenza de pequenos sectores de chaira intermareal e marismas relacionados cos procesos de sedimentación fluvio-mariña propios do interior da Ría. A vertente de pendente media alcanza pouco desenvolvemento continental.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade está composta por unha litoloxía a base de rocas metamórficas: gneises gladulares, con pequenos afloramentos de gneises de feldespato alcalino nos lugares onde o relevo foi dismantelado. En canto ao Cuaternario, destaca os depósitos de cono de dexección na franxa costeira da unidade, na desembocadura do río Lérez.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa de ambiente climático Cálido e Húmido: precipitacións medias entre 1200mm e 1400mm, temperaturas suaves que alcanzan valores medios anuais por encima de 15°C e amplitude térmica anual entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Predominio dos chans tipo cambisol dístico na metade norte da unidade, onde a pendente é menor aínda que comparten espazo cos antrosos que resultan da modificación da contorna pola expansión urbanística. Pola súa banda, a metade sur na que se estende o Monte de Lourido, presenta chans máis pobres, de pouca profundidade que soportan unha explotación forestal intensiva, desenvolvéndose umbrisois, regosois e mesmo leptosois líticos onde son frecuentes os afloramentos de roca en superficie. Os areosois están representados principalmente na praia do Polvorín.


AS AUGAS

Esta pequena unidade formada polas ladeiras do monte Campelo conta cunha rede hidrográfica conformada por pequenas valgadas que recollen a auga de escorrentía e vértena ao mar. A ladeira orientada ao oeste canalízase por medio dun regato que chega á enseada do peirao do Campelo, mentres que o sur forma unha canle con saída á praia de Polvorín. A primeira sitúase nas Augas Costeiras 20154 da Ría de Pontevedra, e a segunda nas de Transición (20484).

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade de paso entre dúas áreas esteiras, presenta coa mesma importancia os hábitats 1110 e 1140 de bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais someiros. Ademais do ambiente 1210, vexetación sobre refugallos mariños acumulados. Presenta un sector cantil amplo no que aparece o hábitat 1230, cantís mariños atlánticos, aínda que con escasa vexetación típica, e zonas dunares moi degradadas nas praias de Cabeceira e Polvorín. (grupo 21, dunas marítimas atlánticas). Non presenta valores ecolóxicos de interese no interior.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O maior desenvolvemento dos chans na zona norte da unidade propicia o uso urbano asociado ao núcleo de Campelo, vinculado a el aínda existen algunhas parcelas de cultivos forraxeiros e froiteiros que nalgúns casos chegan ao bordo costeiro. A presenza dun pequeno porto danos idea de que un uso representativo é o pesqueiro e marisqueiro. Na zona sur do Monte Lourido predomina o uso forestal asociado ás masas mixtas cunha maior proporción de especies de repoboación que chegan até a fachada litoral. Por outra banda, o aproveitamento turístico asociado á praia do Lourido e á de Cabeceira, móstrase na súa dimensión residencial co desenvolvemento de vivendas unifamiliares e bloques de edificios localizados na contorna das praias.

MORFOLOXÍA

O núcleo principal da unidade é o de Campelo. Está situado na zona norte da unidade nunha ladeira sensiblemente plana que descende cara á costa. Trátase dun núcleo tradicional vinculado orixinariamente ás actividades produtivas primarias (pesca e marisqueo), proba diso é o pequeno porto pesqueiro existente. Estes motivos levaron a súa consideración como Núcleo de identidade litoral (NIL). Experimentou un gran crecemento e expansión que modificou esta estrutura nuclear típica da aldea mariñeira galega. Na actualidade as vivendas íranse separando as unhas das outras configurando unha morfoloxía urbana caracterizada pola dispersión e apoiada nas vías de comunicación. Nos terreos lindeiros á praia do Lourido e Cabeceiras desenvolveranse conxuntos edificatorios totalmente alleos á lóxica rural, mediante tipoloxías urbanas de bloque lineal illado de varias plantas así como vivenda unifamiliar de segunda residencia, introducindo actividades moi extensivas relacionadas co turismo (aparcadoiro, novos accesos rodados...) cun uso moi estacional.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As vías máis importantes que se atopan no ámbito son a EP-0602 e a EP-0601. A primeira transita a unidade paralela á costa até chegar ao núcleo de Campelo onde se une coa EP-0601, que entra na unidade polo nordés e sae polo noroeste cruzando o núcleo de poboación. Partindo destas dúas vías artícuase unha rede de estradas locais que dan acceso ás novas construcións e ás poucas parcelas de cultivo que quedan. Destacar a existencia do peirao de Campelo no que atracan pequenos barcos que se dedican á pesca de baixura.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na ladeira do Monte do Lourido atópase el único patrimonio arqueolóxico rexistrado na unidade, composto pola mámoa do Monte do Món e un achado illado dun antigo asentamento. O conxunto que conforman unha casa típicamente mariñeira coa praia de Campelo próxima ó porto do mesmo nome, dota a este entorno dunha paisaxe típicamente mariñeira.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A organización do espazo habitado artículase ao redor do núcleo de Campelo dado que este era o asentamento orixinal. A medida que foron aparecendo novas vías de comunicación no ámbito local tamén fóronse instalando novas edificacións seguindo estes viarios. Configúrase, por tanto, unha paisaxe caracterizada pola convivencia dun uso residencial e turístico cun aproveitamento tradicional dos recursos. A industria marítima pesqueira segue sendo o principal motor económico da unidade grazas á presenza de bancos marisqueiros.

DINÁMICA DA PAISAXE

Na segunda metade do século XX este espazo estaba dedicado na súa gran maioría a actividades agrícolas a parte das actividades pesqueiras, pero a menor dependencia do rural e o crecemento urbano experimentado polo núcleo tradicional de Campelo terminou por invertir esta tendencia. Na actualidade o espazo agrícola ocupa un lugar testimonial dentro do territorio, dedicándose estas parcelas a novos usos como o residencial e naqueles lugares de difícil labor, como o Monte Lourido, aparecen novos aproveitamentos como o agrícola forestal. Destacar que antano non existían. Pequeno porto pesqueiro que agora se sitúa nas proximidades da praia de Campelo.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O núcleo de Campelo actúa como sinal de identidade desta paisaxe, situado sobre unha vertente de pendente moderada. Este núcleo conserva a súa identidade mariñeira: o seu porto xunto coas embarcacións amarradas nos areais das praias e os bancos areosos e lamacentos onde se extraen ameixas, berberechos, navallas, convérteno nunha paisaxe singular e pintoresca. É difícil atopar un punto de observación na propia unidade dende o que poidamos obter visuais de toda a súa extensión. Estas pódense obter dende os puntos próximos ao ámbito do Plan que ofrecen miradoiros naturais de conchas de grande amplitude, como é o caso de Cotorredondo. Dende a punta do porto podemos obter visuais do núcleo de Campelo e da súa fachada marítima. Cabe destacar que pola estrada EP-0602 existen varios miradoiros onde podemos parar para observar a Ría de Pontevedra coa Illa de Tambo como fondo escénico.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS








A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos dispersos en ambos os lados da estrada EP-0602 ao seu paso polo sur da unidade, entre as praias de Cabaseira e Polvoreira, co obxectivo de ordenar os usos do chan e evitar a implantación de vivendas unifamiliares e bloques de pisos dispersos na fronte costeira desvinculadas dos núcleos tradicionais e sen funcións definidas que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte litoral, integrando os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional e mellorando deste xeito a calidade escénica e ambiental do bordo litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa*
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve*
- Toponimia de costa / Toponimia de costa*
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



